

MOCIÓN DE SOMOS CAMBADOS EN DEFENSA DA ARTE DE PESCA TRADICIONAL DO XEITO

Xurxo Charlín Trigo, con DI 76.862.042-K, concelleiro do Ilmo. Concello de Cambados, en base ao disposto nos artigos 91.4 e 97.3 do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das entidades locais e demais normativa que poida resultar de aplicación, presenta, diante do Pleno da Corporación esta moción, en base á seguinte

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

En 2014 a Comisión Europea lanzou unha proposta para prohibir completamente as redes de enmalle de deriva. Esta proposta creou moita preocupación na Galiza porque supoñía a prohibición da arte tradicional do xeito.

A Comisión e o Parlamento zanzaron a polémica alegando que se lle daría unha solución no debate do Regulamento de medidas técnicas.

Pois ben, en marzo de 2016 a Comisión fixo a súa proposta de Regulamento sobre a conservación dos recursos pesqueiros a través de medidas técnicas. O Parlamento Europeo fixou a súa posición sobre esta proposta en xaneiro do 2018. A Comisión na súa proposta non recoñece esta especificidade e coa prohibición de utilizar para os pequenos peláxicos unha dimensión de rede inferior a 50 mm o xeito quedaría prohibido.

A posición do Parlamento tampouco o recoñece ao ser rexeitadas as dúas emendas que facían referencia ao xeito. O Parlamento Europeo, asume como propia a proposta da Comisión para a pesca de pequenos peláxicos.

Na actualidade o Regulamento atopase en fase de negociación (coñecida como trílogo); e so será posíbel introducir nestas negociacións algunha especificidade para salvagardar a arte do xeito se o Consello o pon enriba da mesa nas negociacións.

Por todo o exposto anteriormente, solicitámoslle ao Pleno da Corporación do Concello de Cambados que adopte o seguinte **ACORDO**:

Primeiro.- Dirixirse ao Ministro de Pesca para que dea os pasos necesarios para que o Consello introduza nas negociacións en curso sobre o Regulamento de Medidas técnicas que nas augas suroccidentais a rede de deriva única coñecida como xeito utilice malla de dimensión entre 23 e 40 mm (Anexo VII da proposta).

Segundo.- Dirixirse á Conselleira do Mar para que utilice todos os mecanismos dos que dispón para que o Consello asuma introducir nas negociacións esta proposta sobre o xeito

Cambados, 23 de Xullo de 2018. Xurxo Charlín Trigo, Concelleiro de Somos Cambados.